



Dirección: Lugar Armada, 1
CP/Concello: 15637 -Vilarmador
teléfono: 981 781 709 - 981 781 725
Email: correo@vilarmador.es

RESOLUCIÓN

ASUNTO: Concesión de subvención a Club de fútbol Vilarmador.

EXPEDIENTE: 2024/A003/000001

ANTECEDENTES:

Vista a solicitude de Juan Ramón López Freire con NIF 76365582Q, en representación do Club de fútbol Vilarmador NIF: G15565682, solicitando unha axuda económica para actividades do club de fútbol (participar na competición de 2ª división autonómica da Real Federación Galega de Fútbol e adquisición de material).

Dado que no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003 xeral de subvencións e na base 13ª das bases de execución do orzamento de 2024 establécese que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento municipal.

Visto o artigo 65 do Real Decreto 887/2006 polo que aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º.-Conceder unha subvención de 1.500 € ao Club de fútbol Vilarmador, para actividades do club de fútbol (participar na competición de 2ª división autonómica da Real Federación Galega de Fútbol e adquisición de material), con cargo á partida 341.480.00 do orzamento.

2º.- O beneficiario deberá xustificar no prazo de tres meses desde a súa concesión, a súa aplicación aos fins para o que foi concedida, mediante a presentación dos seguintes documentos:

- Relación de gastos da actividade subvencionada, facturas.
- Xustificante do pagamento da actividade subvencionada (certificación bancaria da transferencia), onde conste o ordeante, o beneficiario, o importe e a data de pago.
- Relación doutros ingresos ou subvencións para a mesma actividade subvencionada.
- Así como a declaración de estar ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social.
- Certificación bancaria da titularidade da conta onde se realizará o ingreso da subvención.

3º.- A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesquera administración ou entes públicos ou



Dirección: Lugar Armada, 1
CP/Concello: 15637 -Vilarmador
teléfono: 981 781 709 - 981 781 725
Email: correo@vilarmador.es

privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais sempre que non se rebase o coste da actividade subvencionada, sen prexuízo do que puidera establecer a normativa reguladora de ditas subvencións ou axudas.

4º.- O pago realizarase mediante transferencia bancaria á conta designada polo beneficiario, no prazo dun mes desde a xustificación da subvención.

5º.- Non será esixible a prestación de garantía por parte do beneficiario por non apreciar risco de que incumpra as obrigas asumidas neste convenio.

6º.- Admitiranse os xustificantes dos gastos realizados con anterioridade a esta resolución sempre que sexan posteriores á aprobación do orzamento no que figura o crédito nominativo.

7º.-Notificar a presente resolución ao interesado.

En Concello de Vilarmador, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde/Presidente

Carlos Vázquez Quintián